



Guía didáctica

Módulo 3: Fundamentos específicos de cada programa

Cooperación Galega: O mundo que queremos

(dende o 3 de decembro ao 9 de decembro)

Titoras: Estíbaliz Táboas Pazos e Alicia López Fariña

Introdución

O Mundo que queremos é un proxecto de Educación para o Desenvolvemento que ten por **obxectivo** conseguir que o alumnado sexa consciente da interconexión que existe entre as realidades locais e as dinámicas globais para traballar a corresponsabilidade que todas e todos temos na construción da xustiza social. Este ambicioso obxectivo abordarase ao longo de todo o curso académico a través dun estudo diagnóstico, catro intervencións na aula, un encontro intercentros e unha avaliación final. Ademais, crearase un espazo web propio do proxecto con información e recursos ao servizo das persoas protagonistas do mesmo. Esta **formación específica** pretende aportar un paraugas teórico-práctico sobre os diferentes conceptos e metodoloxías que traballaremos ao longo do ano.

Obxectivos conceptuais

- Coñecer e manexar os conceptos clave que se empregan no ámbito da cooperación para o desenvolvemento: Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), cooperación internacional para o desenvolvemento, Educación para o Desenvolvemento.
- Coñecer e manexar os conceptos e metodoloxías que se van a empregar no desenvolvemento deste proxecto: a comunicación para o desenvolvemento, a comunicación comunitaria e o teatro do e da oprimida.

Obxectivos procedementais

- Adaptar os contidos e metodoloxías presentadas ao traballo na aula para transversalizar o proxecto nas programacións e proxectos educativos de centro.
- Crear un espazo de diálogo onde compartir experiencias de traballo en Educación para o Desenvolvemento e onde empezar a coñecer ás demais persoas protagonistas do proxecto.

Obxectivo actitudinais

- Reflexionar sobre o alcance das metodoloxías de traballo da expresión persoal no camiño cara o traballo dunha cidadanía crítica.
- Motivar a curiosidade por seguir coñecendo o traballo das ONGD galegas

Método de traballo

Son cinco as horas destinadas a esta parte de formación específica. O método para sacar o máximo rendimento do tempo establecido combinará a lectura de tres documentos e a participación no foro específico dando resposta a unha serie de preguntas.

Martes 3 de decembro: Participación no foro: Rolda de presentacións. Neste foro si que estaremos as persoas dos cinco centros educativos que participan no proxecto. Por iso é moi importante volver a presentarse. Para obter unha información máis ampla de cada unha de vós, as intervencións deberán dar resposta ás seguintes preguntas: *Cal é o meu nome? En que centro traballo? Que materia imparto? Se puidese ter un superpoder na aula, cal sería? Que fai o meu centro en Educación para o Desenvolvemento?*

Mércores 4 de decembro: Lectura do documento número 1: Conceptos clave para traballar *O mundo que queremos*.

Xoves 5 de decembro: Lectura do documento número 2: Presentación de Radio Tehuacán e das radios libres galegas que seguen vixentes na actualidade. Participación no foro a través dunha chuvia de ideas: *Tres ideas tolas que se vos ocorran a partir das dúas lecturas para traballar ao longo do curso a comunicación como metodoloxía educativa*.

Luns 9 de decembro: Despedida no foro: *Que nos levamos para empezar a construír nestes sete meses de curso escolar O mundo que queremos?* Cubrir a ficha de “Avaliación”.

Avaliación: Teranse en conta as tres intervencións que se deben levar a cabo no foro específico. Para a avaliación persoal que cada un/unha de vós faga deste pequeno módulo deberedes cubrir o documento que aparece colgado en Platega co nome de *Avaliación*.

Bibliografía:

- Celorio, Gema e López de Munain, Alicia (coords) (2011): *Educación para la Ciudadanía Global. Estrategias para la acción educativa*. Bilbao, Hegoa. Disponible en: http://www.hegoa.ehu.es/file/988/Estrategias_EC.pdf



- Del Río Martínez, Amaia (2013): “Educación para el Desarrollo, incidencia política y participación empoderadora: tres expresiones de una cooperación transformadora en clave feminista” en Del Río Martínez, Amaia y Dema Moreno, Sandra (coords.): Voces y saberes feministas. Hacia una agenda de cooperación transformadora. Bilbao, Hegoa. pp. 89-115. Disponible en:

<http://publicaciones.hegoa.ehu.es/publications/286>

Webgrafía para traballar os ODM:

- Campaña do Milenio: <http://www.sinexcusas2015.org/>
- Rede de educadores e educadoras de Entreculturas: <http://educadores.redentreculturas.org/category/tema/objetivos-del-milenio>

Webgrafía

- Bantaba. Espazo web que ofrece unha selección de recursos para quen traballa ou ten interese no desenvolvemento humano, a educación global e a participación cidadá. http://www.bantaba.ehu.es/bantaba/index_es
- Experiencias e recursos educativos para unha cidadanía global: <http://www.kaidara.org/>
- Rede internacional de educación para la ciudadanía e transformación social: <http://www.redinternacionalepd.org/>
- Rede de escolas solidarias. Navarra: <http://www.educacion.navarra.es/web/dpto/escuelas-solidarias>
- Sistema Amara Berri: http://amaraberri.org/topics/defgeneral/gure_eskola/

Espazos web das ONGD que integran O mundo que queremos

- Solidariedade Internacional de Galicia: <http://www.solidaridadgalicia.org/>
- Educo: <https://www.educo.org/>
- Mundo Cooperante: <http://www.mundocooperante.org/>
- AGARESO: <http://www.agareso.org/>
- Coordinadora Galega de ONGD: <http://www.galiciasolidaria.org/>

